

DON JAVIER PASTOR DIAZ MOSQUERA, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL.

C E R T I F I C O : Que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 02 de setembro de 2024, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“7.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN QUE ELEVA A MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE CORRESPONDENTE AO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CATERING E DO PERSOAL MONITOR/COIDADOR DO COMEDOR ESCOLAR PARA OS CEIP DO CONCELLO DE FERROL (AVH 05003 24/28) E ACORDOS COMPLEMENTARIOS. (EXPEDIENTE CIVIDAS 2022024458). Examinada a proposta que eleva o Concelleiro Delegado de Contratación, que textualmente di:

“A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 13/05/2024, aprobou o expediente e os Pregos que rexerán a contratación do **“Servizo de Catering e do persoal monitor/coidados do comedor escolar para os CEIP do Concello de Ferrol”** outorgándolle o número de expediente **AVH 05003 24/28**; o gasto correspondente por importe de 350.119 € (IVE engadido), correspondente á contribución máxima a realizar polo Concello de Ferrol-Concellería de Educación, Universidade e Política Lingüística polos dos cursos escolares que abrangue a duración inicial do contrato (2024-2025 e 2025-2026) e imputalo á aplicación 05003-3263-22799 do orzamento municipal (consonte o seguinte detalle estimado de gasto por anualidades: Anualidade 2024: 70.023,80 €; Anualidade 2025: 175.059,50 € e Anualidade 2026: 105.035,70 €); quedando sometida a adxudicación do contrato á condición suspensiva da aprobación da Ordenanza do prezo público aplicable ao servizo de comedores, en tramitación na data de aprobación da licitación (*O Excmo. Concello Pleno, na súa sesión de data 29/08/2024, aproba as normas reguladoras do prezo público correspondente ao servizo de comedores escolares. (Expediente CIVIDAS 2024022901)*); dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto consonte o disposto nos artigos 156 a 158 LCSP, suxeito a regulación harmonizada con pluralidade de criterios de valoración e tramitación ordinaria, nas condicións e prazos indicados nos Pregos e proceder á publicación do anuncio de licitación no DOUE e no Perfil do Contratante do órgano de contratación aloxado na PLACSP e dos documentos do expediente que conteñan a información referida no artigo 63.3 LCSP, encomendado ao Servizo de Contratación a realización dos trámites necesarios para a apertura do procedemento de licitación.

O día 15/05/2024 enviouse anuncio de licitación ao DOUE, sendo publicado en data 16/05/2024 (nº de publicación do anuncio 290173-2024) e na mesma data publicouse anuncio de licitación no perfil de contratante do Concello de Ferrol aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público (PLACSP). O prazo outorgado aos licitadores para a presentación de ofertas, 30 días naturais contados dende o seguinte ao do envío do anuncio de licitación ao DOUE, remataba o día 14/06/2024 ás 23:59 horas.

A Mesa de Contratación Permanente constituíuse en sesión, celebrada en data 24/06/2024, con motivo da apertura e calificación do arquivo-sobre electrónico 1 “Documentación administrativa acreditativa do cumprimento de requisitos previos”. Na sesión, deuse conta do procedemento seguido; da data de remate do prazo de licitación e das ofertas presentadas transcorrido dito prazo:

- ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SL
- JARDANAY SL

Realizado o descriptado e a apertura electrónica de sobres, se procede co estudo da documentación presentada, resultando como segue:

ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SL	Presenta: <ul style="list-style-type: none"> • Declaración responsable, axustada ao formulario do Documento Europeo Único de Contratación (DEUC), aprobado a través del Reglamento (UE) no 2016/7, de 5 de xaneiro • Outras declaracións e compromisos complementarios, conforme ao modelo Anexo ao PCAP
JARDANAY SL	Presenta: <ul style="list-style-type: none"> • Declaración responsable, axustada ao formulario do Documento Europeo Único de Contratación (DEUC), aprobado a través del Reglamento (UE) no 2016/7, de 5 de xaneiro • Outras declaracións e compromisos complementarios, conforme ao modelo Anexo ao PCAP

Rematado o exame da documentación contida nos arquivos correspondentes aos sobres 1; a Mesa de Contratación Permanente, co voto favorable de todos os membros asistentes con dereito a voto, ACORDOU:

- CALIFICAR favorablemente a documentación contida nos arquivos-sobres nº 1 (declaracións DEUC e outras declaracións e compromisos complementarios) que presentan as dúas licitadoras interesadas no procedemento.

A continuación, procedeuse coa celebración do acto público de apertura dos arquivos-sobres electrónicos nº 3 “Oferta de criterios avaliábeis de xeito automático ou mediante aplicación de fórmulas”. Previamente, o día 21/06/2024, anunciouse en PLACE a convocatoria pública, asisten e se incorporan á sesión nese intre:

- Dúas representantes da licitadora: ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SL
- Un representante da licitadora: JARDANAY SL

Dáselles conta do procedemento seguido; das ofertas presentadas e de que as dúas resultaron inicialmente admitidas. Sen intervencións ou preguntas, procedeuse co descrición e apertura electrónica do sobre nº 3, resultando como segue:

<p>Tipo de licitación.-Establecese como tipos maximos de licitación sobre os que os licitadores formularan as súas ofertas económicas á baixa os seguintes prezos unitarios/persoa/día (custo menu almorzo e custo menu xantar) nos termos que se detallan na Clausula XV do prego de prescricions técnicas:</p> <p style="text-align: right;">ALMORZO: 3,66 € SEN IVE XANTAR: 6,57 € SEN IVE</p>	
ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SL	<p>Presenta a seguinte oferta:</p> <p>1º. Que, de acordo co criterio de valoración A) <u>Rotación de menús</u>: Número e variedade de menús propostos, OFRECE:</p> <p>A1) ALMORZO:</p> <p>Nº de menús 20 (A.1)</p> <p>A.2) XANTAR</p> <p>Nº de menús 30 (A.2.1)</p> <p>Nº de alimentos distintos dentro de cada grupo/subgrupo de alimentos</p> <ul style="list-style-type: none"> • Froitas: 4 diferentes por semana. • Verduras e hortalizas: 1 ración día/ 4 diferentes por semana. • Legumes: 3 diferentes por mes. • Carnes 5 diferentes por mes. • Peixes e moluscos: 5 diferentes por mes, sendo 2 peixe azul <p>Nº de receitas diferentes por grupo _____ (A.2.3)</p>

	<ul style="list-style-type: none"> • Carnes: Mínimo de 7 receitas diferentes por mes. • Peixes e moluscos: Mínimo de 7 receitas diferentes por mes. • Verduras: Mínimo de 7 receitas diferentes por mes. • Froita (natural e de tempada) 1 vez por semana como macedonia ou brochetas. • Ausencia de pratos precociñados. <p>2º. Que achega a documentación* acreditativa da configuración dos distintos menús nas condicións mínimas esixidas no Prego de Prescricións Técnicas e no criterio de valoración A) "Rotación dos menús". (* <i>QUEDA PENDENTE DE REVISIÓN E INFORME TÉCNICO</i>)</p> <p>3º. Que, de acordo co criterio de valoración B), relativo á utilización de <u>lácteos de produción ecolóxica</u>, achega:</p> <p style="text-align: center;">DECLARACIÓN E COMPROMISO DE UTILIZACIÓN DE LÁCTEOS*</p> <p style="text-align: center;">(* <i>QUEDA PENDENTE DE REVISIÓN E INFORME TÉCNICO</i>)</p> <p>4º Que, de acordo co criterio de valoración C), relativo á utilización de <u>produtos ou ingredientes de orixe e produción ecolóxica distintos aos esixidos no PPT</u> e aos valorados noutros apartados OFRECE:</p> <p style="text-align: center;">Utilización de 6 produtos/ingredientes</p> <p>Así mesmo achega a seguinte declaración : DECLARACIÓN DE SUXECIÓN Á NORMATIVA DOS PRODUCTOS DE ORIJE ECOLÓXICA*</p> <p style="text-align: center;">(* <i>QUEDA PENDENTE DE REVISIÓN E INFORME TÉCNICO</i>)</p> <p>5º. Que, de acordo co criterio de valoración D), relativo á <u>dotación de equipamento adecuado de descanso, en aqueles centros aos que acuda alumnado de 3 e 4 anos</u>, ofrece:</p> <p style="text-align: center;">A1) Hamacas individuais para o 100 % do alumnado matriculado en cada centro, de 3 e 4 anos, como potencial usuario.</p> <p>6º. Que, de acordo co criterio de valoración E), relativo á <u>asunción dos gastos derivados dos menús que consuma o persoal de atención ao alumnado de educación especial</u>, achega o seguinte compromiso: COMPROMISO DE ASUNCIÓN DOS GASTOS DERIVADOS DOS MENÚS QUE CONSUMA O PERSOAL DE ATENCIÓN AO ALUMNADO DE EDUCACIÓN ESPECIAL *</p> <p style="text-align: center;">(* <i>QUEDA PENDENTE DE REVISIÓN E INFORME TÉCNICO</i>)</p> <p>7º. Que, de acordo co criterio de valoración F), relativo ao uso de <u>envases de material reciclado e reciclable, clasificado e separado diariamente, para o traslado de produtos alimenticios a cada un dos comedores dos 10 CEIP</u>, achega o seguinte compromiso: COMPROMISO DE USO DE ENVASES DE MATERIAL RECICLADO E RECICLABLE PARA O TRASLADO DE PRODUCTOS ALIMENTICIOS AOS COMEDORES DOS CEIP *</p> <p style="text-align: center;">(* <i>QUEDA PENDENTE DE REVISIÓN E INFORME TÉCNICO</i>)</p> <p>8º. Que, de acordo co criterio de valoración G), relativo á impartición de <u>dous obradoiros de cociña ao alumnado comensal usuario do servizo de comedor</u>, achega o seguinte compromiso: COMPROMISO DE IMPARTICIÓN DE OBRADOIROS DE COCIÑA AO ALUMNADO COMENSAL USUARIO DO SERVIZO DE COMEDOR*</p> <p style="text-align: center;">(* <i>QUEDA PENDENTE DE REVISIÓN E INFORME TÉCNICO</i>)</p> <p>9º. Que de acordo co criterio de valoración H) relativo á <u>proximidade xeográfica entre as cociñas nas que se elaboren os menús obxecto do contrato e os comedores escolares, utilizando como referencia de destino o Pazo Municipal de Ferrol na Praza de Armas</u>, ofrece unha distancia de:</p> <p style="text-align: center;">Menor ou igual a 50 Km</p> <p>10ª.- Que formula a seguinte oferta económica</p> <ul style="list-style-type: none"> • ALMORZO • Importe sen IVE: 3,24€/menú/persona/día • XANTAR • Importe sen IVE: 6,50 €/menú/persona/día
<p>JARDANAY SL</p>	<p>Presenta a seguinte oferta:</p> <p>1º. Que, de acordo co criterio de valoración A) <u>Rotación de menús</u>: Número e variedade de menús propostos, OFRECE:</p>

A1) ALMORZO:

Nº de menús 20 (A.1)

A.2) XANTAR

Nº de menús 30 (A.2.1)

Nº de alimentos distintos dentro de cada grupo/subgrupo de alimentos

- FROITAS: 4 diferentes por semana
- VERDURAS E HORTALIZAS: 1 ración día / 4 diferentes por semana
- LEGUMES: 3 diferentes por mes
- CARNES: 5 diferentes por mes
- PEIXES E MOLUSCOS: 5 diferentes por mes, sendo 2 peixe azul

Nº de receitas diferentes por grupo _____ (A.2.3)

- Mínimo de 7 receitas diferentes para carnes
- Mínimo de 7 receitas diferentes para peixes e moluscos
- Mínimo de 7 receitas diferentes para verduras
- Froita polo menos unha vez por semana como macedonia ou brochetas
- Ausencia de pratos precociñados

2º. Que achega a documentación* acreditativa da configuración dos distintos menús nas condicións mínimas esixidas no Prego de Prescricións Técnicas e no criterio de valoración A) "Rotación dos menús". (* *QUEDA PENDENTE DE REVISIÓN E INFORME TÉCNICO*)

3º. Que, de acordo co criterio de valoración B), relativo á utilización de lácteos de produción ecolóxica, achega:

DECLARACIÓN E COMPROMISO DE UTILIZACIÓN DE LÁCTEOS*

(* *QUEDA PENDENTE DE REVISIÓN E INFORME TÉCNICO*)

4º Que, de acordo co criterio de valoración C), relativo á utilización de produtos ou ingredientes de orixe e produción ecolóxica distintos aos esixidos no PPT e aos valorados noutros apartados OFRECE:

Utilización de 6 produtos/ingredientes

Así mesmo achega a seguinte declaración : DECLARACIÓN DE SUXECIÓN Á NORMATIVA DOS PRODUCTOS DE ORIXE ECOLÓXICA*

(* *QUEDA PENDENTE DE REVISIÓN E INFORME TÉCNICO*)

5º. Que, de acordo co criterio de valoración D), relativo á dotación de equipamento adecuado de descanso, en aqueles centros aos que acuda alumnado de 3 e 4 anos, ofrece:

A1) Hamacas individuais para o 100 % do alumnado matriculado en cada centro, de 3 e 4 anos, como potencial usuario.

6º. Que, de acordo co criterio de valoración E), relativo á asunción dos gastos derivados dos menús que consuma o persoal de atención ao alumnado de educación especial, achega o seguinte compromiso: COMPROMISO DE ASUNCIÓN DOS GASTOS DERIVADOS DOS MENÚS QUE CONSUMA O PERSOAL DE ATENCIÓN AO ALUMNADO DE EDUCACIÓN ESPECIAL *

(* *QUEDA PENDENTE DE REVISIÓN E INFORME TÉCNICO*)

7º. Que, de acordo co criterio de valoración F), relativo ao uso de envases de material reciclado e reciclable, clasificado e separado diariamente, para o traslado de produtos alimenticios a cada un dos comedores dos 10 CEIP, achega o seguinte compromiso: COMPROMISO DE USO DE ENVASES DE MATERIAL RECICLADO E RECICLABLE PARA O TRASLADO DE PRODUCTOS ALIMENTICIOS AOS COMEDORES DOS CEIP *

(* *QUEDA PENDENTE DE REVISIÓN E INFORME TÉCNICO*)

8º. Que, de acordo co criterio de valoración G), relativo á impartición de dous obradoiros de cociña ao alumnado comensal usuario do servizo de comedor, achega o seguinte compromiso: COMPROMISO DE IMPARTICIÓN DE OBRADOIROS DE COCIÑA AO ALUMNADO COMENSAL USUARIO DO SERVIZO DE COMEDOR*

	(* QUEDA PENDENTE DE REVISIÓN E INFORME TÉCNICO)
	9º. Que de acordo co criterio de valoración H) relativo á <u>proximidade xeográfica entre as cocinas nas que se elaboren os menús obxecto do contrato e os comedores escolares, utilizando como referencia de destino o Pazo Municipal de Ferrol na Praza de Armas</u> , ofrece unha distancia de:
	Menor ou igual a 100 Km
	10ª.- Que formula a seguinte oferta económica
	ALMORZO Importe sen IVE: 3,60€/menú/persona/día
	XANTAR Importe sen IVE: 6,50 €/menú/persona/día

Rematado o acto público, sen preguntas ou intervencións, o público asistente abandona a sesión.

A Mesa de Contratación Permanente, co voto favorable de todos os membros asistentes con dereito a voto, ACORDOU:

- Remitir á técnica municipal de Educación, para revisión e informe, as ofertas contidas nos arquivos electrónicos-sobres n.º 3 do presente procedemento.

A Mesa de Contratación Permanente constituíuse en sesión, celebrada en data 08/08/2024, con motivo da valoración das ofertas contidas nos arquivos-sobres electrónicos nº 3 “Oferta de criterios avaliables de xeito automático ou mediante aplicación de fórmulas”. Na sesión, deuse conta dos informes técnicos de valoración das ofertas correspondentes a criterios automáticos que constan no expediente

- **Informe técnico de valoración asinado en data 02/08/2024 pola técnica municipal de Educación.**

<p>Informe técnico da licitación do “SERVIZO DE CATERING E DO PERSOAL MONITOR/COIDADOR DE COMEDOR ESCOLAR PARA OS CEIP DO CONCELLO DE FERROL” (AVH 5003 24/28)</p> <p>DOCUMENTACIÓN PRESENTADA NO SOBRE N.º 3</p> <p>Asunto: Licitación correspondente á prestación do servizo de comedores escolares; análise da existencia de ofertas desproporcionadas; valoración de ofertas.</p> <p>I.- Carácter desproporcionado ou anormal das ofertas.</p> <p>As ofertas presentadas corresponden ós seguintes importes:</p> <p>Almorzo</p> <p style="padding-left: 40px;">JARDANAY SL 3,60 euros</p> <p style="padding-left: 40px;">ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SL 3,24 euros</p> <p>Xantar</p> <p style="padding-left: 40px;">JARDANAY SL 6,50 euros</p> <p style="padding-left: 40px;">ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SL 6,50 euros</p> <p>Os pregos de clausulas, para a análise desta cuestión, se remite ó 85 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da lei de contratos das Administracións Públicas. O dito precepto -para o suposto de licitacións en que a concurrencia se limite a dous licitadores- indica que terá carácter desproporcionado a oferta que sea inferior en mais de 20 unidades porcentuais á outra oferta.</p> <p>Feitos os calculos correspondentes nas ofertas antes ditas, se informa que carecen de carácter de desproporcionado ou anormal</p> <p>II.- Valoración das ofertas</p> <p>Análise das condicións, requisitos e obrigacións sobre protección e condicións de traballo que se esixen para a adxudicación do contrato de “PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CATERING E DO PERSOAL MONITOR/COIDADOR DE COMEDOR ESCOLAR PARA OS CEIP DO CONCELLO DE FERROL” (AVH 5003</p>

24/28):

Tendo en conta que cada unha das empresas licitadoras **COÑECE E ACEPTA INCONDICIONALMENTE** o contido íntegro do Prego de Cláusulas Administrativas e de Prescricións Técnicas reitores da licitación, que expresamente asume e acata na súa totalidade, sen condición ou reserva.

Procédese a analizar e valorar os respectivos e enumerados criterios avaliados das empresas licitadoras JARDANAY SL e ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SL:

- **Criterio de valoración B)**, relativo á utilización de lácteos de produción ecolóxica, achegan:

JARDANAY SL: Presenta a documentación pola que se compromete a cumprir este criterio, **20 puntos**

ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SL: Presenta a documentación pola que se compromete a cumprir este criterio, **20 puntos**

- **Criterio de valoración C)**, relativo á utilización de produtos ou ingredientes de orixe e produción ecolóxica distintos aos esixidos no PPT e aos valorados noutros apartados, **comprométense e presenta a correspondente declaración** :

JARDANAY SL: Presenta a documentación pola que se compromete a cumprir este criterio coa Utilización de 6 produtos/ingredientes, **12 puntos**

ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SL: Presenta a documentación pola que se compromete a cumprir este criterio coa Utilización de 6 produtos/ingredientes, **12 puntos**

- **Criterio de valoración D)**, relativo á dotación de equipamento adecuado de descanso, en aqueles centros aos que acuda alumnado de 3 e 4 anos, **ofrece e presenta a correspondente declaración**:

JARDANAY SL: Presenta a documentación pola que se compromete a cumprir este criterio coa oferta de A1) Hamacas individuais para o 100 % do alumnado matriculado en cada centro, de 3 e 4 a nA os, como potencial usuario. **5 puntos**

ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SL: Presenta a documentación pola que se compromete a cumprir este criterio coa oferta de A1) Hamacas individuais para o 100 % do alumnado matriculado en cada centro, de 3 e 4 a nA os, como potencial usuario. **5 puntos**

- **Criterio de valoración E)**, relativo á asunción dos gastos derivados dos menús que consuma o persoal de atención ao alumnado de educación especial, **ofrece e achega o seguinte compromiso**:

JARDANAY SL: Presenta a documentación pola que se compromete a asumir os gastos derivados dos menús que consuma o persoal de atención ao alumnado de educación especial, no tempo de desempeño efectivo do seu traballo no comedor escolar, circunstancia que poderá darse en calquera dos dez CEIP obxecto deste servizo. **5 puntos**

ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SL: Presenta a documentación pola que se compromete a asumir os gastos derivados dos menús que consuma o persoal de atención ao alumnado de educación especial, no tempo de desempeño efectivo do seu traballo no comedor escolar, circunstancia que poderá darse en calquera dos dez CEIP obxecto deste servizo. **5 puntos**

- **Criterio de valoración F)**, relativo ao uso de envases de material reciclado e reciclable, clasificado e separado diariamente, para o traslado de produtos alimenticios a cada un dos comedores dos 10 CEIP, achega o seguinte compromiso:

JARDANAY SL: Presenta a documentación pola que se compromete a usar envases de material reciclado e reciclable, clasificado e separado diariamente, para o traslado de produtos alimenticios a cada un dos comedores dos 10 CEIP. **5 puntos**

ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SL: Presenta a documentación pola que se compromete a usar envases de material reciclado e reciclable, clasificado e separado diariamente, para o traslado de produtos alimenticios a cada un dos comedores dos 10 CEIP. **5 puntos**

- **Criterio de valoración G)**, relativo á impartición de dous obradoiros de cociña ao alumnado comensal usuario do servizo de comedor, achega o seguinte compromiso:

JARDANAY SL: Presenta a documentación pola que se compromete a impartir dous Óbradoiros de Cociña, de menú elaborado con cociña fría (con achega ao seu cargo do material que se precise para a súa realización) ao longo do Curso Escolar, para o alumnado-comensal usuario do servizo de comedor dos 10 CEIP do Concello de Ferrol que desexe participar e a tal fin se inscriban, en quenda de tarde de venres ou de mañana de sábado. **6 puntos**

ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SL: Presenta a documentación pola que se compromete a impartir dous Óbradoiros de Cociña, de menú elaborado con cociña fría (con achega ao seu cargo do material que se precise para a súa realización) ao longo do Curso Escolar, para o alumnado-comensal usuario do servizo de comedor dos 10 CEIP do Concello de Ferrol que desexe participar e a tal fin se inscriban, en quenda de tarde de venres ou de mañana de sábado. **6 puntos**

- **Criterio de valoración H)** relativo á proximidade xeográfica entre as cocinas nas que se elaboren os menús obxecto do contrato e os comedores escolares, utilizando como referencia de destino o Pazo

Municipal de Ferrol na Praza de Armas, ofrece unha distancia de:

JARDANAY SL: Manifesta estar a unha distancia **Menor ou igual a 100 Km. 6 puntos**

ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SL: Manifesta estar a unha distancia **Menor ou igual a 50 Km. 9 puntos**

- **Oferta económica (*):**

ALMORZO:

JARDANAY SL:

Importe sen IVE: 3,60 €/menú /persona/día. **0,428**

puntos ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SL:

Importe sen IVE: 3,24 €/menú /persona/día. **3 puntos**

XANTAR:

JARDANAY SL:

Importe sen IVE: 6,50 €/menú /persona/día. **2 puntos**

ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SL:

Importe sen IVE: 6,50 €/menú /persona/día. **2 puntos**

(*Aplicación da fórmula

Aplicación da fórmula para ALMÓRZÓ:

JARDANAY SL: $3x (3,66-3,60)/(3,66-3,24)= 3x (0,06/0,42)= 0,428$

ALIMENTACIÓN+ N SALUDABLE GALLEGA SL: $3x (3,66-3,24)/(3,66-3,24)= 3x (0,42/0,42)= 3$

Aplicación da fórmula para XANTAR:

JARDANAY SL: $2x (6,57-6,50)/(6,57-6,50)= 2x (0,07/0,07)= 2$

ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SL: $2x (6,57-6,50)/(6,57-6,50)= 2x (0,07/0,07)= 2$

O CRITERIO DE VALORACIÓN A), OBTENSE DO INFORME TÉCNICO REALIZADO POR Dona Eva Anca Candocia,

Licenciada en Farmacia e Graduada en Nutrición e Dietética Humana, N.º Colexiada 139 de Galicia, o que se acompaña a este informe que asina a Técnica de Educación.

- **Criterio de valoración A) Rotación de menús: Número e variedade de menús propostos. OFRECE:**

A1) ALMORZO:

Nº de menús (A.1)

JARDANAY SL: Nº de menús (A.1): 20, **10 puntos**

ALIMENTACIÓN+ N SALUDABLE GALLEGA SL: Nº de menús (A.1): 20, **10 puntos**

A.2) XANTAR

Nº de menús (A.2.1)

JARDANAY SL: Nº de menús (A.2.1) : 30, **20 puntos**

ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SL: Nº de menús (A.2.1): 30, **20 puntos**

Nº de alimentos distintos dentro de cada grupo/subgrupo de alimentos (A.2.2)

JARDANAY SL: Nº de menús (A.2.1) : **5 puntos**

ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SL: Nº de menús (A.2.1): **5 puntos**

Nº de receitas diferentes por grupo (A.2.3)

JARDANAY SL: Nº de menús (A.2.1) : **5 puntos**

ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SL: Nº de menús (A.2.1): **5 puntos**

PUNTUACIÓN TÓTAL DOS ASPECTOS DO CRITERIO A:

JARDANAY SL: 30 puntos

ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SL: 30 puntos

Non serán obxecto de valoración as ofertas que alcancen unha puntuación inferior a 15 puntos na totalidade dos aspectos deste criterio (A). Circunstancia esta que non aconteceu, ambas as dúas empresas

superaron os 15 puntos.

III.-Resultado final das puntuacións obtidas como suma das partes:

JARDANAY SL: 85, 428 sobre 100 (20+12+5+5+5+6+0,428+2+30 = 85,428)

ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SL: 97 sobre 100 (20+12+5+5+5+9+3+2+30= 97)

IV.-Proposta de adxudicación:

Despois de analizar e valorar os respectivos e enumerados criterios avaliábles das empresas licitadoras, á vista da puntuación obtida por cada unha das empresas, a empresa que acada a maior puntuación é Alimentación Saludable Gallega SL, polo que se propón como empresa adxudicataria deste contrato.

Informe técnico da valoración do criterio de adxudicación automático A (Rotación dos menús propostos). proposto no anexo IV do prego de prescricións técnicas (PPT) que rexerá a contratación para a prestación do servizo de catering e persoal monitor/ coidador de comedor escolar para os CEIP do Concello de Ferrol.

Para a realización do informe técnico tívose en conta o establecido no PPT e anexo 4 a el. As dúas empresas participantes no proceso son:

- Jardanay S.L
- Alimentación Saludable Gallega S.L

Este informe realízase trala lectura e análise da documentación achegada por cada unha das dúas empresas participantes no proceso de contratación: doser coa documentación acreditativa e o anexo (Modelo de oferta e proposta de criterios avaliábles de forma automática ou mediante a aplicación de fórmulas para cada unha delas).

A continuación, indícase a valoración obtida no criterio automático A do anexo IV do PPT para cada unha delas:

Jardanay S.L

Tras o estudo da documentación presentadas pola empresa Jardanay S.L, o resultado da valoración dos criterios/subcriterios automáticos valorables en cifras ou porcentaxes establecidas no PPT, a puntuación obtida pola empresa é a máxima posible de **30 puntos para o criterio A do Anexo IV do PPT.**

Presentan melloras sobre o exixible para a puntuación máxima nos seguintes puntos: ofrecen 5 variedades de froitas á semana, 4 variedades de legumes ao mes.

Inclúese a seguinte táboa (Táboa 1), coa valoración de cada un dos criterios/subcriterios automáticos para a empresa Jardanay S.L.

Criterios/subcriterios automáticos, valorables en cifras ou porcentaxes para a empresa Jardanay S.L.			
Criterio A. Rotación dos menús: número e variación.		Presentado	Puntuación
A1. Desaiunos: máximo 10 puntos.			
Número de menús diferentes (entendidos como diferente combinación de froita fresca, lácteo e cereal (4.B.1))		20	10
Consta documentación acreditativa		SI	
A2. Comidas: máximo 20 puntos.			
Número de menús diferentes presentados (10 puntos).		30	10
Número de alimentos diferentes de cada grupo/subgrupo de alimentos e a rotación que se estableza: semanal/ diaria. (máximo 5 puntos). (rc= ración; v= variedade)			
Froitas	4v/semana	5 v/ semana	1
Verduras e hortalizas	1 rc /día. 4 v/semana	4 v/ semana	1
Legumes	3 v/mes	4 v/mes	1
Carnes	5v/mes	5 v/mes	1

Peixes	5/mes. 2/5 azul	5/mes. 2/5 azul	1
Número de recetas diferentes por grupo de alimentos/semana segundo corresponda. (máximo 5 puntos).			
Carnes	7 recetas/mes	7 recetas/mes	1
Peixes e moluscos	7 recetas/mes	7 recetas/mes	1
Verduras e hortalizas	7 recetas/ mes	7 recetas/mes	1
Froita	1 día/semana brocheta o macedonia	1 día/semana brocheta o macedonia	1
Precocinados	Ausencia	Ausencia	1
Consta documentación acreditativa		SI	
Puntuación TOTAL			30

Táboa 1. Valoración dos criterios/subcriterios automáticos, valorables en cifras ou porcentaxes para a empresa Jardanay S.L.

Alimentación Saludable Gallega S.L.

Tras o estudo da documentación presentada pola empresa Alimentación Saludable Gallega S.L, o resultado da valoración dos criterios/subcriterios automáticos valorables en cifras ou porcentaxes establecidas no PPT, a puntuación obtida pola empresa é a máxima posible de **30 puntos**.

Presentan melloras sobre o exigible para a puntuación máxima nos seguintes puntos: Ofrecen 6 variedades de verduras/hortalizas á semana, 4 variedades de legumes, 8 receitas de carnes ao mes, e 8 receitas de peixes ao mes.

A continuación, inclúese a seguinte táboa (Táboa 2), coa valoración de cada un dos criterios/subcriterios automáticos para a empresa Alimentación Saludable Gallega S.L.

Criterios/subcriterios automáticos, valorables en cifras ou porcentaxes para Alimentación Saludable Gallega S.L.			
Criterio A. Rotación dos menús: número e variación.		Presentado	Puntuación
A1. Desaiunos: máximo 10 puntos.			
Número de menús diferentes (entendidos como diferente combinación de froita fresca, lácteo e cereal (4.B.1))		20	10
Consta documentación acreditativa		SI	
A2. Comidas: máximo 20 puntos.			
Número de menús diferentes presentados (10 puntos).		30	10
Número de alimentos diferentes de cada grupo/subgrupo de alimentos e a rotación que se estableza: semanal/diaria. (máximo 5 puntos). (rc= ración; v= variedade)			
Froitas	4v/semana	4v/semana	1
Verduras e hortalizas	1 rc /día. 4 v/semana	1 rc /día. 6 v/semana	1
Legumes	3 v/mes	4 v/mes	1
Carnes	5v/mes	5v/mes	1
Peixes	5/mes. 2/5 azul	5/mes. 2/5 azul	1
Número de recetas diferentes por grupo de alimentos/semana segundo corresponda. (máximo 5 puntos).			
Carnes	7 recetas/mes	8 recetas/mes	1
Peixes e moluscos	7 recetas/mes	8 recetas/mes	1
Verduras e hortalizas	7 recetas/ mes	7 recetas/ mes	1

Froita	1 día/semana brocheta macedonia	1 día/semana brocheta macedonia	1
Precocinados	Ausencia	Ausencia	1
Consta documentación acreditativa		SI	
Puntuación TOTAL			30

Táboa 2. Valoración dos criterios/subcriterios automáticos, valorables en cifras ou porcentaxes para a empresa Alimentación Saludable Gallega S.L.

- **Informe de enmenda de erros materiais no informe técnico de data 02/08/2024, asinado en data 06/08/2024 polo xefe de servizo da área propoñente do contrato.**

INFORME
<p>Asunto.- Corrección de erros materiais no informe técnico correspondente á valoración do sobre 3 do expediente de contratación relativo ó servizo de catering e do persoal monitor/coidador dos comedores escolares dos CEIP ubicados no termo municipal de Ferrol.</p> <p>No informe referido constátanse os seguintes erros de feito:</p> <p>I.- No criterio de valoración A), no subcriterio referido como A.2) Xantar, relativo ó número de menús, se asigna unha puntuación a ambos licitadores de 20 puntos, sendo a puntuación máxima de 10 puntos.</p> <p>Polo tanto a redacción correcta é como segue:</p> <p>“A.2) XANTAR</p> <p>N.º de menús (A.2.1)</p> <p>JARDANAY SL: n.º de menús (A.2.1): 30, 10 puntos</p> <p>ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA S.L: n.º de menús (A.2.1): 30, 10 puntos”.</p> <p>II.- No resultado final das puntuacións obtidas, na suma correspondente á puntuación de JARDANAY SL, omitiuse un sumatorio ó que lle corresponde un nominal de 6 puntos, polo que a puntuación final será de 91,428 puntos.</p> <p>Pola súa banda, a suma correspondente a ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SL, omitiuse un sumatorio ó que lle corresponde un nominal de 6 puntos. Se ben a suma total é correcta, 97 puntos.</p> <p>Polo tanto a redacción correcta é como segue:</p> <p>“III.- Resultado final das puntuacións obtidas como suma das partes:</p> <p>JARDANAY SL: 91,428 sobre 100 (20+12+5+5+5+6+6+0,428+2+30= 91,428)</p> <p>ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA, SL: 97 sobre 100 (20+12+5+5+5+6+9+3+2+30= 97)”</p> <p>Polo que, nos termos do art. 109 da Lei 39/2015, reguladora do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, procédese mediante o presente informe á corrección dos erros citados.</p>

Considerando o anterior; a Mesa de Contratación Permanente, co voto favorable de todos os membros asistentes con dereito a voto, adoptou os seguintes ACORDOS:

- **PONDERAR e CLASIFICAR** as ofertas contidas nos arquivos electrónicos-sobre n.º 3 por orden decrecente resultando como segue:

Posto	Licitador	Puntos totais
1º	ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SL	97
2º	JARDANAY SL	91,43

- REQUIRIR da empresa ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SL a presentación de documentación, nos termos establecidos na cláusula 27 do PCAP; condicionando á adxudicación ao seu favor á presentación favorable de toda a documentación requirida nos pregos. Advertíndolle das consecuencias de non cumprimentar adecuadamente o requirimento no prazo concedido.

Considerando o acordo adoptado polo órgano de asistencia, por medio de PLACE, se requiriu á licitadora ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SL a presentación da documentación a que se refire a cláusula 27 do PCAP ao efectos da adxudicación do contrato. A licitadora atende o requirimento do órgano de asistencia, dentro do prazo concedido, presentando resposta en PLACE; a documentación presentada se remite a revisión e informe dos servizos técnicos municipais (*á que se refire á acreditación da habilitación empresarial*).

A Mesa de Contratación Permanente constituíuse en sesión, celebrada en data 26/08/2024, con motivo da calificación da documentación administrativa a que se refire a cláusula 27 do PCAP e aos efectos da adxudicación do contrato; considerando toda a documentación acreditativa presentada pola empresa mellor clasificada; tendo en conta os datos inscritos no ROLECE/ Rexistro Xeral de Contratistas Xunta de Galicia (nº 4957) referidos pola licitadora; a documentación solicitada oficio (*inexistencia de débedas tributarias co Concello de Ferrol*); considerando a acreditación de solvencia económica e financeira e a de solvencia técnica mediante clasificación alternativa M; 6, 5 (*superior á esixidas nos pregos: M; 6; 3*); visto o informe técnico favorable emitido pola técnica municipal de Educación, en data 21/08/2024, no que respecta á acreditación documental da habilitación empresarial e considerando todos os extremos exigidos na cláusula 27 do PCAP; co voto favorable de todos os membros asistentes con dereito a voto, ACORDOU:

- CALIFICAR favorablemente a documentación acreditativa presentada pola empresa ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SL e, en consecuencia, elevar proposta de adxudicación ao seu favor á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación (artigo 150.3 LCSP). O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida a documentación presentada pola empresa ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SL, empresa mellor clasificada, e a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado pola Mesa de Contratación que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación (artigo 326.2 letra d) LCSP). A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

Terceiro.- A competencia para a adxudicación deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, en virtude do disposto na DA 2ª.4 da LCSP e no acordo da Xunta de Goberno Local de data 11/12/2023 (BOP nº 241 de 20/12/2023).

En base a canto antecede e polas razóns recollidas na parte expositiva; a proposta da MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE, co voto favorable de todos os vocais asistentes, **e previo informe de fiscalización favorable da Intervención Municipal**, elévase á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación competente, para a adopción dos seguintes acordos:

- **Primeiro.-** ADXUDICAR; polas razóns recollidas na parte expositiva, con suxeción aos pregos de cláusulas que rexen o presente contrato a contratación administrativa nº **AVH 05003 24/28** correspondente á prestación do **Servizo de Catering e do persoal monitor/coidador do comedor escolar para os CEIP do Concello de Ferrol** a favor da empresa ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SL (CIF B27831783) consonte á oferta presentada:

- No que respecta á **prezo/menú/persoa/día** ascende ás seguintes cantidades:

ALMORZO	Importe sen IVE 3,24 €/menú/persoa/día IVE (10%): 0,32 € Importe total ofertado: 3,56 €/menú/persoa/día
XANTAR	Importe sen IVE: 6,50 €/menú/persoa/día IVE (10 %): 0,65 € Importe total ofertado: 7,15 €/menú/persoa/día

O importe máximo estimado deste contrato, por curso académico ascende á cantidade de **572.355 € sen IVE e 629.440 € con IVE (2024: 228.942 € sen IVE e 251.776 € con IVE; 2025: 572.355 € sen IVE e 629.440 € con IVE; 2026: 343.413 € sen IVE e 377.664 € con IVE)**
***Informe do servizo xestor de data 29/08/2024.**

De xeito exclusivamente orientativo, o número máximo estimado diario de servizos ou comensais fíxase en 396 xantares e 215 almorzos, facéndose constar que a dita previsión non xera ningún dereito a favor do adxudicatario. En consecuencia, o prezo do contrato virá determinado pola contía resultante de multiplicar o prezo do menú polo número de menús efectivamente servidos.

En consecuencia co anterior, tendo en conta a oferta presentada e o informe do servizo proponente da contratación incorporado ao expediente de data 29/08/2024, o reaxuste orzamentario da aportación municipal máxima aprobada na licitación quedará como segue:

Licitación	
05003-3263-22799/GFA 23101030	Ano 2024: 70.023,80 €
	Ano 2025: 175.059,5 €
	Ano 2026: 105.035,70 €
Reaxuste adjudicación	
05003-3263-22799/GFA 23101030	Ano 2024: 64.281 €
	• Ano 2025: 160.702 €
	Ano 2026: 96.421 €

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual, consonte o previsto nos artigos 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 (TRLFL) e 79.2 do Real decreto 500/90, de 2 de abril, a autorización e o compromiso dos gastos de carácter plurianual subordinaranse ao crédito que para cada exercicio se consigne nos respectivos orzamentos. En consecuencia, a adjudicación do presente contrato queda condicionada, no que se refire ás anualidades e exercicios futuros, á inclusión en cada un dos orzamentos da correspondente consignación adecuada e suficiente para facer fronte aos gastos derivados do mesmo.

- No que respecta aos **menús e restantes criterios:**

<p>1º. <u>Rotación de menús</u>: Número e variedade de menús</p> <ul style="list-style-type: none"> • ALMORZO: Nº de menús 20 • XANTAR: Nº de menús 30
--

Nº de alimentos distintos dentro de cada grupo/subgrupo de alimentos

- Froitas: 4 diferentes por semana.
- Verduras e hortalizas: 1 ración día/ 4 diferentes por semana.
- Legumes: 3 diferentes por mes.
- Carnes 5 diferentes por mes.
- Peixes e moluscos: 5 diferentes por mes, sendo 2 peixe azul

Nº de receitas diferentes por grupo

- Carnes: Mínimo de 7 receitas diferentes por mes.
- Peixes e moluscos: Mínimo de 7 receitas diferentes por mes.
- Verduras: Mínimo de 7 receitas diferentes por mes.
- Froita (natural e de tempada) 1 vez por semana como macedonia ou brochetas.
- Ausencia de pratos precociñados.

2º. Configuración dos distintos menús nas condicións mínimas esixidas no Prego de Prescricións Técnicas e no criterio de valoración A) "Rotación dos menús".

3º. Utilización de lácteos de produción ecolóxica, conforme ao COMPROMISO DE UTILIZACIÓN DE LÁCTEOS presentado.

4º. Utilización de produtos ou ingredientes de orixe e produción ecolóxica distintos aos esixidos no PPT e aos valorados noutros apartados : Utilización de 6 produtos/ingredientes (con SUXECIÓN Á NORMATIVA DOS PRODUTOS DE ORIXE ECOLÓXICA)

5º. Dotación de equipamento adecuado de descanso, en aqueles centros aos que acuda alumnado de 3 e 4 anos, ofrece: Hamacas individuais para o 100 % do alumnado matriculado en cada centro, de 3 e 4 anos, como potencial usuario.

6º. Asunción dos gastos derivados dos menús que consuma o persoal de atención ao alumnado de educación especial, consonte o COMPROMISO PRESENTADO.

7º. Envases de material reciclado e reciclable, clasificado e separado diariamente, para o traslado de produtos alimenticios a cada un dos comedores dos 10 CEIP, consonte o COMPROMISO PRESENTADO.

8º. Dous obradoiros de cociña ao alumnado comensal usuario do servizo de comedor, consonte o COMPROMISO PRESENTADO.

9º. Proximidade xeográfica entre as cociñas nas que se elaboren os menús obxecto do contrato e os comedores escolares, utilizando como referencia de destino o Pazo Municipal de Ferrol na Praza de Armas: Menor ou igual a 50 Km

O prazo de execución do contrato, dada a natureza estacional da prestación, comprende os cursos escolares 2024-2025 e 2025-2026, tomando como data de inicio o día seguinte á formalización do contrato. O contrato poderá prorrogarse, de forma expresa por acordo do órgano de contratación e con carácter obrigatorio para o empresario. A prórroga acordarase por curso, ata un máximo de dous cursos escolares (2026-2027; 2027-2028), sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida exceder de 4 cursos (2+1+1).

- **Segundo.-** Considerando o disposto nas cláusulas 17 e 28 do PCAP e no epígrafe 8 do anexo I ao PCAP; proceder á FORMALIZACIÓN do contrato en documento administrativo no xeito previsto no artigo 153.3 LCSP; polo que tendo en conta que, conforme ao artigo 44 da LCSP, o contrato é susceptible de recuso especial en materia de contratación perante o Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Galicia, a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran QUINCE DÍAS HÁBILES dende que se remita a notificación aos licitadores.
- **Terceiro.-** Segundo o disposto no artigo 62.1 da LCSP, DESIGNAR como RESPONSABLE DO CONTRATO a dona Emilia Seoane Pérez, técnica municipal de Educación, a quen lle corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito das facultades que o órgano de contratación lle atribúa e que a cláusula 3 do PCAP, recolle a título non exhaustivo.

- **Cuarto.-** Nos termos recollidos no epígrafe 19 do anexo I ao PCAP conforme ao establecido no artigo 202 LCSP se establecen as seguintes condicións especiais de execución que teñen o carácter de obrigas contractuais esenciais cuxo incumprimento poderá dar lugar á resolución do contrato conforme ao establecido na letra f) do artigo 211 LCSP ou á imposición de penalidades conforme ao previsto nos pregos, a xuízo do órgano de contratación:

De tipo social e laboral

ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SL queda obrigada, durante todo o período de execución do contrato, a respectar as condicións salariais dos traballadores conforme ao convenio colectivo aplicable.

Sistema de control e verificación:

O cumprimento destas condicións poderá verificarse, en calquera momento, pola persoa funcionaria responsable do contrato solicitando do contratista a documentación que estime pertinente. En todo caso, coa presentación de cada factura a empresa ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SL deberá presentar unha declaración responsable de cumprimento das citadas condicións.

ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SL queda obrigada a realizar, no primeiro mes de execución do contrato así como ao comezo de cada curso académico, como mínimo unha acción de sensibilización e formación de 5 horas de duración mínima para o persoal adscrito á execución do contrato acerca dos dereitos en materia de igualdade.

Sistema de control e verificación

O cumprimento desta condición verificarase pola persoa funcionaria responsable do contrato mediante a súa presenza á referida actividade de formación.

De tipo medioambiental

ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SL virá obrigada a responsabilizarse de realizar unha recollida selectiva dos residuos xerados durante a execución do contrato, facilitando aos servizos de limpeza a xestión diferenciada dos mesmos.

-Sistema de control e verificación:

O cumprimento destas condicións poderá verificarse, en calquera momento, pola persoa funcionaria responsable do contrato solicitando do contratista a documentación que estime pertinente. En todo caso, coa presentación de cada factura a empresa ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SL deberá presentar unha declaración responsable de cumprimento das citadas condicións.

Protección de datos

Dado que a execución do presente contrato implica tratamento de datos por parte do contratista, establécese como condición especial de execución a obrigación da empresa ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SL de someterse á normativa nacional e europea en materia de protección de datos.

ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SL queda obrigada a comunicar á Administración calquera cambio que se produza ao longo da vida do contrato en relación coa información contida na declaración responsable relativa á localización dos servidores e lugar dende no que se vaian a prestar os servizos asociados aos mesmos.

Sistema de control e verificación:

O cumprimento destas condicións poderá verificarse, en calquera momento, pola persoa responsable do contrato solicitando do contratista a documentación que estime pertinente. En todo caso, coa presentación de cada factura a empresa ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SL deberá presentar unha declaración responsable de cumprimento das citadas condicións.

- **Quinto.-** Nos termos recollidos no epígrafe 27 do anexo I ao PCAP, conforme ao establecido no artigo 196.1 LCSP, se establece a obriga do contratista de indemnizar todos os danos e perdas que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Así mesmo, o artigo 311.2 do citado texto legal dispón que este será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das

consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

Por estes motivos, a empresa ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SL deberá subscribir ao seu cargo os seguintes seguros de acordo co sinalado na cláusula XVIII apartado 1 do PPT:

- Unha Póliza de **Seguro de Responsabilidade Civil** coas seguintes coberturas e límites mínimos:

Actividade asegurada: A do obxecto do contrato.

Límite xeral mínimo: 600.000 € por sinistro e ano.

Sublímite por vítima: 300.000 €

Coberturas:

Responsabilidade Civil Explotación

Responsabilidade Civil Explotación derivada das intoxicacións alimentarias e Responsabilidade Civil Explotación subsidiaria (en caso de subcontratación dalgunha prestación)

Responsabilidade Civil Patronal

Responsabilidade Civil Produtos (alimentos)

Responsabilidade Civil Locativa

- Unha Póliza de **Seguro de Accidentes** para o alumnado-usuario do servizo de comedor coas seguintes coberturas e límites mínimos:

Falecemento accidental: 3.000 €

Invalidez Permanente: 30.000 €

Asistencia Sanitaria: ILIMITADA en centros concertados e 1.500 € en centros de libre elección, con cobertura en ambos casos ata 365 días desde o sinistro.

A empresa ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SL comprométese a :

- Manter contratado calquera outro tipo de seguro de contratación obrigatorio conforme á lexislación aplicable á súa actividade.
- Informar ao Concello de calquera incidencia que afecte ás coberturas das pólizas esixidas prestándose a colaborar na resolución das citadas incidencias.
- Soportar, en caso de sinistro, calquera diferenza que poida xurdir no pago das indemnizacións, xa sexa por aplicación de franquías ou por descubrimento de cobertura nos seguros contratados.
- Reparar os danos e responder por aqueles riscos que lle corresponden pero que non estean asegurados por póliza, a fin de levar a bo termo as obrigacións e responsabilidades establecidas e asumidas no presente contrato.
- Abonar puntualmente as primas e entregar ao Concello copia do recibo do contrato de seguro (actualizado para o período de realización do servizo).

Os efectos destas coberturas están limitados aos accidentes ocorridos durante as prestacións e os horarios deste servizo, que figuran nos Pregos de Prescricións e que se desenvolvan nas instalacións de cada Centro Público de Educación Infantil e Primaria (CEIP). O número máximo estimado de alumnado ao que cubrirán estes seguros será de 215 para o horario dos almorzos e 396 para o horario das comidas, tendo en conta os datos que se reflicten no Prego de Prescricións Técnicas.

Momento de entrega das pólizas: Con carácter previo ao comezo da prestación do servizo, a empresa ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SL deberá entregar no negociado de Educación copia acreditativa das pólizas subscritas e recibos xustificativos de pago; de todas as súas renovacións no transcurso do contrato e das súas eventuais prórrogas sen que o Concello teña ningunha obrigación coa aseguradora en relación co pago das primas”.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a aprobación da proposta anteriormente transcrita ”

E para que conste e ós efectos correspondentes, expídese a presente, de orde e co Visto e Prace do Excmo. Sr. Alcalde, coa reserva á que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, no Pazo Municipal de Ferrol, na data que figura na sinatura electrónica.

Vº e Pr

ALCALDE